



En Ourense a 15 de Decembro de 2025, ás 17:45 reunímonos Carlos Vila, María José Álvarez, Susana Rodríguez, Fernando Romeu e Pablo Álvarez para o seguinte orde do día:

- Seguimento das programacións didácticas.
- Resultados Primeira Avaliación.
- Actividades complementarias e visitas.
- Orde nos talleres e aulas de informática.
- Rogos e preguntas.

Seguimento das programacións didácticas

En primeiro lugar faise un repaso por tódalas materias do departamento para comentar entre todos o ritmo e a evolución coas que vai cada grupo. Unha vez rematada a primeira avaliación destácanse as seguintes cuestións:

- A maioría das materias e grupos van en data e cumprindo co planificado nas correspondente programacións didácticas.
- En Educación Dixital de 3ºESO decidiuse inverter a orde das unidades didácticas da segunda avaliación, impartindo antes a UD5 e logo a UD4. A UD5 trata sobre creación e edición de imaxe e quérese aplicar o aprendido na nova aula de Polos Creativos.
- En Tecnoloxía de 4ºESO non se consegue un ritmo alto e o nivel dos alumnos na materia non é moi bo.
- Os grupos de TICI de Fernando están a ver a UD4 que, aínda que estaba planificada para a primeira avaliación non puido rematala nin avaliala. Entrará na 2ª avaliación.

Lémbbraselle a todos a importancia de actualizar en Proens o seguimento das programacións didácticas.

Resultados Primeira Avaliación

Neste punto fíxose un repaso polos resultados obtidos na primeira avaliación do curso polos diferentes grupos nas materias do Departamento de Tecnoloxía.

De xeito global houbo un 5,9% de alumnos que non superaron as materias do devandito departamento. Non se trata duns datos moi preocupantes se se comparan con outras materias, pero precísase facer un seguimento máis próximo



de cada un dos alumnos suspensos para tentar mellorar os resultados nas seguintes avaliacións.

Recórdase tamén a importancia de ir planificando e informando ó alumnado das recuperacións que se propoñan.

A táboa resumo cos resultados é a seguinte:

MATERIA	IMPARTE	A		B		C		D		E		TOTAL		
		ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	% SUSPENSOS
1º Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Pablo	25	0	25	4	25	0	25	6	25	1	125	11	8,8%
2º Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Susana	24	0	23	2	24	1	24	1	23	2	118	6	5,1%
3º Educación Dixital	Carlos	21	2	5	0			12	0			38	2	5,3%
4º Tecnoloxía	María José			9	1	4	2					13	3	23,1%
4º Dixitalización	Paula e Pablo	6	0	9	0	8	0	9	1			32	1	3,1%
4º Intelixencia Artificial	Susana	7	0	5	0	10	0	12	0			34	0	0,0%
1ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	Carlos	4	0	5	0							9	0	0,0%
TIC I	Susana e Paula	5	0	7	0	7	0	9	0			28	0	0,0%
2ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	María José			12	2							12	2	16,7%
TIC II	Carlos			10	0			3	0	1	0	14	0	0,0%
TOTAL												423	25	5,9%

Indo un pouco máis ó detalle:

- Os resultados de 1ºESOD son moi malos e trátase dun grupo moi alborotador e pouco traballador.
- Coméntaselle a Fernando a importancia de indicar na próxima avaliación o reforzo que se lle está a facer a Santiago de 1ºESO-A.
- Por outra parte, destacar os bos resultados obtidos polo alumnado de 1º de Bacharelato, onde todos superaron con éxito a primeira avaliación.

Actividades complementarias e visitas

Infórmase ó profesorado do departamento de Tecnoloxía das diferentes actividades que están planificadas para realizar no que resta de curso.

A charla da UVIGO sobre Intelixencia Artificial para os alumnos e alumnas de 4ºESO realizada o 3 de decembro non cumpriu as expectativas esperadas. O relator non conseguiu captar a atención do público e parte da sesión foi difícil de seguir. Destacar que os alumnos que están a cursar IAS este ano resaltaron que moitos dos puntos abordados foron tratados xa en clase.

A seguinte actividade será a visita a un parque eólico e haberá que ir planificando máis polo miúdo os asistentes, horario, etc.



Orde nos talleres e aulas de informática

Pablo cambiou a distribución das mesas de traballo ó fondo do taller 2 en consenso cos demais compañeiros. O obxectivo é ter máis espazo para que os alumnos traballen de maneira máis cómoda e segura.

Proponse reparar un torno de banco que ten a panca rota.

Recórdase que está pendente aínda retirar as mesas verdes no lateral do taller 2 e que molestan no traballo do día a día.

Carlos informa que é preciso revisar se está habilitada a impresión dende a sala de informática porque se detectaron impresións na impresora da sala de profesores que provén da sala de Informática 2.

Rogos e preguntas

Susana vai imprimir e colocar polo instituto uns carteis cunha infografía sobre a ética na Intelixencia Artificial. A todos lles parece unha boa proposta.

Con todos estes asuntos, levantouse sesión ás 18:50.

Asinado Xefe do Departamento

Carlos Vila